

**NOTA DE PRENSA EMBARGADA ATA ÁS 21:00 HORAS**

**OS SOCIALISTAS DE ALFOZ COMPROMÉTENSE A PROTAGONIZAR O CAMBIO DE GOBERNO QUE NECESITA O CONCELLO APOSTANDO POLO EMPREGO E A TRANSPARENCIA**

**A alcaldable do PSOE promete gobernar “dun xeito transparente, dialogante e honesto, para que todos os veciños e veciñas teñan os mesmos dereitos e as mesmas oportunidades”**

**“O proxecto socialista baséase na loita pola aprobación do Plan Xeral para poder facer vivendas no municipio, para poder edificar e que a mocidade do concello non marche a vivir a outras localidades”, afirman**

**Os socialistas comprométense a crear un plan de vivenda social para a xuventude e fomentar a rehabilitación de vivendas con axudas e bonificacións na licenza de obra. Ademais, para fixar a poboación no municipio, fomentárase o cooperativismo para favorecer o emprego agrario e creárase un plan de emprego municipal para mozos e mozas desempregados**

**Alfoz, 15 de maio de 2015.-** O PSOE de Alfoz comprometeuse hoxe, na presentación do seu programa electoral, a protagonizar o cambio de goberno que tanto necesita o concello xa que, segundo afirmou o alcaldable –Jorge Val-, “hai outra maneira de facer política, gobernando dun xeito transparente, dialogante e honesto, para que todos os veciños e veciñas teñan os mesmos dereitos e as mesmas oportunidades”.

Os socialistas do municipio márcanse como prioridade ofrecer oportunidades para fixar a poboación no municipio, sobre todo, para que a mocidade se manteña no concello en lugar de ter que marchar debido á falta de postos de traballo, de vivendas dispoñibles e de solo industrial para os emprendedores. Por iso, “o proxecto socialista baséase na loita pola aprobación do Plan Xeral para poder facer vivendas no municipio, para poder edificar e que a mocidade do concello non marche a vivir a outras localidades”. Tamén, neste eido, os socialistas comprométense a crear un plan de vivenda social para a xuventude e fomentar a rehabilitación de vivendas con axudas e bonificacións na licenza de obra. Ademais, para fixar a poboación no municipio, fomentárase o cooperativismo para favorecer o emprego agrario e creárase un plan de emprego municipal para mozos e mozas desempregados.

Outro dos piares dos obxectivos dos socialistas é axilizar a entrega de fincas e de traballos da concentración parcelaria “sen que ningún veciño saia prexudicado”.



### **Favorecer a instalación das empresas**

Asemade, o trazado de futuro para Alfoz plantexado polo equipo de Val, inclúe a habilitar unha zona para solo industrial, “para favorecer a instalación de novas empresas no municipio que permitan o mantemento do emprego e a creación de postos de traballo, ao contrario do que fan os gobernos do PP, da Xunta e do concello, e que están a paralizar a creación do polígono e a impedir así o desenvolvemento do municipio”.

Por outra banda o proxecto socialista inclúe unha mellora da conexión de Internet e TV en todo o concello, para “que non haxa cidadáns de primeira e de segunda e que o servizo de Internet chegue a todos os fogares do municipio”, explican. Ademais, engaden que “fomentaremos o uso das novas tecnoloxías na administración local, que utilizaremos para gobernar dun xeito transparente xa que publicaremos na páxina web do concello o estado dos ingresos e gastos, así como os contratos, ofertas de emprego, actas, decretos e custos de funcionamento”.

### **Orzamentos participativos**

Outra das mostras do goberno aberto e transparente que promove o PSOE municipal, é a elaboración duns orzamentos participativos, permitindo así o desenvolvemento que merece o municipio; atendendo ás suxestións que a cidadanía nos faga chegar. “En colaboración cos veciños e veciñas de cada parroquia e a través dunha oficina de atención á cidadanía queremos escoitar as súas propostas para ocuparnos así das necesidades reais da maioría”.

### **Axudas aos estudantes**

Por outra banda, o PSOE pretende crear un plan de axudas e becas para comedor e transporte dos estudantes que teñen que desprazarse fóra do concello e promover actividades extraescolares que fomenten o uso de linguas estranxeiras.

O benestar dos maiores do municipio tamén é unha das máximas da candidatura que lidera Jorge Val. Por iso, anuncian que “prestaremos especial atención a aquelas persoas maiores que viven soas e a aquelas familias que padecen problemas específicos.”

